

PEZA DO MES

outubro

1999



CABALEIRO ORANTE. BEADE.

ESCULTURA DE VULTO REDONDO, MADEIRA DE NOCEIRA, NA SÚA COR NATURAL E SEN TRAZA ALGUNHA DE POLICROMÍA. TAMAÑO NATURAL, ACADA OS 1,30 M. DE ALTURA, A PESAR DE ESTAR XEONLLO EN TERRA.

REPRESENTA UN CABALEIRO DA ORDE DE MALTA, QUIZÁS O COMENDADOR FERNANDO MANUEL DE LUDUEÑA. É OBRA DE FRANCISCO DE MOURE.





CABALEIRO ORANTE. BEADE.

Esta peza ingresou no Museo en 1996, logo da súa adquisición pola Xunta de Galicia, trala oferta presentada por un anticuario de Madrid que a recuperara do seu estado anterior. Despois do pertinente estudio, acordouse a súa adquisición e destinouse ó Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, acreditada a súa procedencia orixinaria de Santa María de Beade, no Ribeiro. En efecto, a peza recoñecérase a o Prof. Ismael Gutiérrez Pastor nun anticuario madrileño como coincidente coa publicada no seu día por Chamoso Lamas na súa obra “Escultura funeraria en Galicia”, o que lle permitiu, trala súa identificación, profundizar no seu estudio e atribución, publicando un documentado estudo da mesma (“Sobre Francisco de Moure y el retablo de Santa María de Beade (Ourense): Una estatua de caballero de Malta semiarrodillado”), que seguimos no fundamental e que serviu como apoio da adquisición.

Trátase dunha escultura en madeira de noceira, na súa cor, tamaño natural, alzada de

1,30 m, que representa un Cabaleiro de San Xoan axeonllado, vestido con armadura, baixo a que xorde, no pescozo, unha gorgueira plisada, de moi delicada execución. Descansa o xeonllo esquerdo nunha almofada pequena rematada en catro borlas e mantén avanzada a perna dereita, namentres avanza a man esquerda implorante ou ofertante e dobra a dereita sobre o peito, nun xesto de bater nel de xeito penitencial. No peito, sobre a armadura, a cruz da Orde de Malta.

A estatua está construída de varias pezas, moi ben ensambladas: cabeza, corpo e parte da perna dereita son dunha soa peza, os brazos son elementos diferentes unidos por fortes cravos de ferro; a perna esquerda é tamén un bloque diferente que oculta a súa xunta baixo a cota de malla. Hai que valorar a posibilidade de que fose pensada para ser policromada, pero hoxe está exenta de todo rastro dela e das fotos antigas pode deducirse que non a debeu ter nunca.



DETALLE DA ARMADURA E PRESILLAS DA VAIÑA DA ESPADA.

A cabeza destaca do conxunto pola súa expresiva naturalidade, realismo verdadeiro na caracterización do rostro, detallado no traballo e tratamento dos rizos do pelo, as enrugadas fronte, as meixelas avultadas xunto o nariz e o tratamento e disposición da coidada barba.

Os riscos de realismo detallista continúan na traza das curvas e plisados da gorgueira, como acabados de amidonar, e, sobre todo, nos mil e un detalles da armadura, onde o



DETALLE: A COTA DE MALLA BAIXO A ARMADURA

suposto metal que a conforma, coa súa lóxica rixidez e brunido acabado, que é tratado como tal, non impide a expresión da forza interior do personaxe retratado. Pero, aínda así, o detalle da armadura permite recoñecer o seu tipo, os detalles técnicos dos elementos compoñentes: peto, espaldar, brazais, launas, etc., presentan os remates e presillas propias da súa articulación con toda precisión, ó igual que as manoplas ou o calzado coas suas esporas, as fibelas e correas de unión e o mesmo as presillas de coiro das que pende a vaiña da espada ou a cota de malla.

Gutiérrez Pastor considera que a súa composición é excepcional na escultura española da época á que cómpre atribuíla, que por razóns estilísticas, a vestimenta e o tipo de armadura, corresponde ó reinado de Felipe III (1598-1621), citando como antecedente o monumento sepulcral de Fabricio Pignatelli, Gran Mestre da Orde de Malta, en Napolés, chamado a ter continuidade no barroco italiano, e como paralelo a sepultura do marqués de Camarasa na compostelana igrexa de Santa María do Camiño e outras do círculo valisoletano.

Atendendo ás datas e á procedencia, así como ós trazos estilísticos e caracterizadores da escultura do Cabaleiro de Malta, conclúe Gutiérrez Pastor na atribución da autoría desta obra excepcional a Francisco de Moure, que

nas dúas primeiras décadas do século XVII traballa para a igrexa de Beade na realización dun retablo, ó que se comprometera, como o testemuña o protocolo de Pedro de Lemos de 1608 (onde se pode leer: “e outra ystoria de Nuestra Señora, questen presentes la ascención y coronacion, todo junto, con solas una ymagen de nuestra Señora en toda ella, con quatro angeles metidos, unas nubes y abajo de la mesma ystoria una figura de un caballero armado, de rodillas, con su zelada a los pies...”), co pintor Carlos Suárez, previamente concertado co Comendador de Beade, don Fr. Fernando Manuel de Ludueña, obra da que se conservan outros varios elementos dotados dunha rica policromía. Na atribución coincide Dolores Vila Jato, quen considera a escultura como obra indiscutible de Moure e dentro do máis logrado da súa produción.

Estas referencias, xunto co estudio estilístico e técnico de diversos elementos da escultura, levan a Gutiérrez a considerar que se trata desta peza, a propia do retablo encargado, da que se perdeu a celada, que era independente, e atribuíble a Francisco de Moure. Non é, por tanto, unha escultura funeraria, polo que desbota a identificación coa descrita por Álvarez Braña en 1886 como existente no seu sarteiro, por máis que cando estaba xa na sacristía se considerase procedente dun arcosolio funerario, como recolle Otero Pedrayo en 1963.

En resumo, retrato dun personaxe principal, cabaleiro da Orde de Malta, presumiblemente o Comendador de Beade, Ribadavia e Mourentán don Fr. Fernando Manuel de Ludueña, un daqueles que retratou Otero Pedrayo como de brancos mantos e esporas douradas, e mostra da arte inigualable de Francisco de Moure, o escultor ourensán que fabricou o tránsito do manierismo ó barroco, a cabalo dos séculos

● XVI e XVII.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación da peza do mes o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J. Carlos García España.

DEPOSITO LEGAL: VG-40-1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. – Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 – 32005 OURENSE

